



BOLETIN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 16

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

20 DE ABRIL

VERBAS DOS MESTRES

## DO NOSO PROBLEMA RURAL

**S**UBIR a renda ¿qué é senón baixar, dende logo, o beneficio do colono e de seguida os xornás que él pode pagar, e tras estes por escitamento á baixa, os que paga quenqueira, inda que non seza colono? ¿Qué é senón exprotar o traballo o mesmo que na industria fabril?... Non hay outra diferenza senón que o capitalista fabril esmaga o salario que paga y-o agrario o que non paga; un paga ó xornaleiro menos do xusto e o outro cobra máis do xusto ó colono. Pro entrambos usurpan traballo, facendo un sua usurpación ó vender o produto fabril e o outro ó cobrar a renda sen o cuidado de vender o produto agrícola.

Un aumenta a xornada, rebaixa o xornal, fai traballar na fábrica á muller e ós nenos do obreiro, obrígalle a sortirse de cantinas, négalle o descanso semanal, deixalle perecer ou inutilizárese nos perigos do oficio, lle non asegura de doenzas, invalidez, nin cesación do traballo..., millor dito, un facía cada unha d'esas cousas que xa n'as fai como quere... ¡Ai! pero o outro sí que fai todas elas somentes con facer unha sinxelísima e de todo seu dereito, ó parecer, que é subil-a renda. Súbea... e ehí tendes ó colono e ó xornaleiro obrigados a forzare suas xornadas pra comere, y-a aceptar calquera merma nas suas remuneracións pra ter algunha, y-a poñer ó traballo sua muller e seus meniños porque non abonda para a vida

d'outra maneira, y-a mercar ó fiado na tenda, cativo e caro, y-a non ter axuda na invalidez, nin na doenza, nin na falla de traballo por mor da chuvía, seca ou perda da colleita.

E non vos hay pra este problema, inda menos que a houbo para o fabril, solución próisima integral; porque a integral sería trocar ó colono en dono preno ou dono útil, poseedor seguro, n'unha verba, da terra que traballase, e esto óllase aínda mui lonxe... Pro cara á solución hase ir forzosamente, por un ou varios de tres camiños e d'outros máis. Un, automático, non pensado ad hoc, non télico, coma din os sociólogos; que é o de máis esperanzas e consiste n'esas mercas d'afección e sacrificio, a precios enormes, que veñen facendo nosos emigrados e repatriados das terras que dinantes labraban de seu, e que un día o capitalismo lles fixo traballar de alleo c'un litixio ou c'unha retrovenda. Outro, conscente, que é eficaz, pro de valor local, soyo apricabre en certas comarcas, e consiste no reparto dos nosos montes comunás que si-guen agardando a que s'alumée a fonte increíbel do benestar que encerran. Outro, conscentísimo, e de sabia previsión, que sería verdadeiramente télico, pro é de ben poucas esperanzas, e consistiría na baixa vountaria das rendas e no troque dos contratos d'arrendos que soparan pol-os de sociedade que unisen a dono e colono coma

consocios capitalista e industrial... O cuarto camiño, o que resta, é a resistencia de colonos e xornaleiros asociados, é a acción societaria de resistencia coma na industria fabril, c'as suas xusticias, seus escesos e seus perigos, c'os seus boicoteos de donos e de fincas, con tod'a sua viva loita.

¿Asustan quizáis estas verbas?... ¡Pois asustémonos inda máis de que sexan verdá! ¡Sintámel-o escalofrío da verdá e percuremos que abonden os outros tres camiños!... Trátase d'un oustáculo esencial á millora do labrego galego que él non pode arredar por sí soyo, e que pesi-a todo, está facendo canto pode, sin decatarse ben, por arredar. Convén pensalo e axudarlle. Porque o terrateniente galego quererá vere que herdo vai deixarlles ós seus fillos. Porque todo galego quererá o gran ben y-a gran fermosura de que Galicia resolva, por previsión do futuro, o problema pavoroso do socialismo agrario que a ela tamén l'alcanza. E porque, finalmente, todo español quererá decatarse d'este problema, que é o do tempo en que vivimos, que se da en Galicia coma se dou en Irlanda.

Eu falo da miña Galicia e dígo-bos: O problema está alí pranteado xa na realidade e urxe que nós pranteémolo na concencia.

RODRIGO SANZ.

## DO MEU FEIXE

POR XAIME QUINTANILLA

## UN DISCO.

CONOCEDES, meus amigos, a sintomatoloxía dos imbéciles? Unha das características dos imbéciles é a súa facultade de reprodución, pro non teñen a de producir por si mesmo. Según o xiquiatra Mendel, unha das cousas mais difíciles de conseguire cos imbéciles é a de convencelos de que os seus xuicios (?) son erróneos. Coma iles están fallos de fundamento nos seus xuicios, y-os que teñen grabáronos na mente con buril, é preciso facere traballo de canteiro que labra a pedra pra quitarlles do miollo os pensamentos alleos, qu'iles pensan que son propios.

Ven isto á conto de que na nosa raza hai chea d'ises probes homes. Teñen os pensamentos catalogados, como si foran frascos d'unha botica. Viñéronlles de fora, de Castela e de Madrí, e non saben pensare mais que cos pensamentos de Madrí e de Castela. Dicen en Santiago, dos homes que están bebidos, que levan co-iles un *criado*. Os imbéciles de qu'eu falo levan coma *criado* a súa razón. Y-eisí teñen pensamentos que somellan borranchos, ideias que mesmamente son de brétema. E forman, no mais recolleito do seus espíritos, unhas alladas xicolóxicas q'un coco me fuxa si pode ninguén adivinalas.

Istes probes homes teñen un rexistro pra todos os problemas. E cando se lles fala do noso nazonalismo saen con que se non debe chegare á tanto, qu'iso é de mais. Coma vedes non están d'acordo con nosco por sinxelas apreciacións de *cantidade*. A cualidade, pra iles, non ten importancia. Dicen que no fondo están conformes con nosco (!). Y-eisí sospéndennos co-as suas afirmacións, pro non sabemos ó que pra iles será o fondo e que entenderán por formulismo e por médula.

Coma os imbéciles teñen—xa queda dito enriba—a facultade da *gramofonización*, voules grabare un disco pra qu'ó deprendan ben. Galicia é unha nación. E coma nación ten dereito natural á que se lle reconozca a súa independencia. A guerra europea—¡bendita seia, inda que lles laye os pacifistas!—é a revolución mais grande e mais liberalizadora q'houbou no mundo. D'ila sairon cousas mui boas e ainda terán de sair millores. Véxase coma trunfou o feminismo n'Inglaterra, pol-a forza qu'a realidade impuxo. Mr. Asquith, que tanto loitara en contra das mulleres, reconece agora que tiñan razón, que foi precisa a guerra pra qu'il vcase craramente a necesidade de lles concedere dereitos políticos amplos. Eu

pensei sempre, denantes d'agora, qu'o antigo primer conselleiro ingrés tiña o mesmo defeito qu'os homes de que veño falando. Era un home sin fé, que tivo que vere pra creere. E veu sin ollar, cando o lóstrego foi tan crárisimo que ó cegou co seu resprandore. Y é preciso vere co corazón, denantes que vexan os ollos, qu'é o que faguemos *Os Amigos da Fala*, pra qu'ó seipan os imbéciles.

¡Non-ó vedes, hom; non-ó vedes? ¡Non vedes que toda ista guerra xursiu pra defendere o grande, o inmutable principio das nazonalidades? Francia pensou á cotío en Alsacia e Lorena, y-alsacianos e lorenenses, de feito nazonalistas non xermánicos, agardaron de cote, ateigados d'espranza, pol-a súa liberazón. Inglaterra desenvainou o sabre pra defendere a independencia d'unha nazonalidade pequena: Bélxica, mais cativa nazón que Galicia, inda que fose Estado, pois non ten unha soya lingua nin unha hestoria tan propia com'a nosa. Italia tamén foi a loita pol-o irredentismo, que ben craramente amostra o seu carauter. ¡E Rumanía? ¡E Servia? ¡Non-ó vedes, hom; non-ó vedes! Pro inda hai mais. Había tres nazós n'Europa, que formaban, e ainda forman algunha d'ilas, parte d'Estados poderosos, que salayaban eternamente pol-a súa independencia: Irlanda, Finlandia e Polonia. A derradeira conseguiu moito co-a guerra, e tanto Alemania coma Rusia téñenlle ofrecida a liberazón. ¡Y-as outras duas? Fixádebos ben. Tanto Rusia coma Inglaterra reconocen o dereito a independencia de Irlanda e Finlandia. Unha das primeiras cousas que fixo o Goberno revolucionario ruso foi declarar a liberazón de Finlandia. Y-o Goberno ingrés que preside Mr. Lloyd George estudea istos días o xeito de darlle a autonomía a Irlanda, que de feito a ten conseguida. Todo isto quer decire que as Castelas y-os Madris d'aquelas nacións non soyo non ven perigo algún en facer independentes á Finlandia e Irlanda, s'non que danse presa pra sancionare ó que era de lei e que xa estaba na concencia universal. Son os Madris y-as Castelas d'aquiles pobos os que, expontaneamente, fan o que queremos conseguire, drento do Estado español—millor sería ibérico—, catalás, vascos e galegos.

Ista guerra, que ten o poder de facere sair a superficie os fondos problemas, amóstranos ben craramente que vamos pol-o camiño dereito. Finlandia e Irlanda estaban prestas pr'os sacrificios que lles demandaban seus respetivos Estados. ¡Non é de xusticia elemental que se lle dé á quen da,

qu'ó que sementa recolla froitos? Nos sementamos e sementamos ben, mais os froitos non son pra nosco. Si o Estado percisase de nosoutros lembraríase de que eisistimos. Pro oxe...

Iste é o disco meus amigos. Soyo que noso disco o editamos nos. Y-os imbéciles repiten os discos que grabaron outros. E cando os cantan somellan cantos de servos. Cada canto d'ises é unha coitelada fera no corazón de Galicia.

## AS COARENTA.

¡Lembrádesvos d'un contiño de Benavente? Nun pequeno pobo había dous amigos que, dendes facía catorce anos, xugaban total-as noites ó tute. Os dous amigos levábanse coma hirmás. Pro un d'iles ganaba á cotío os xogos e o outro, craro é, perdía coma un coitado. O ganancioso cantaba de cote as coarenta e por iso saía victorioso nos xogos.

Unha noite o ganancioso cantou as coarenta, coma xa era adoitado. E con gran sorpresa de todol-os presentes ó perxudicado ergueuse, colleu unha móca y-escómenzou á paus co amigo de toda á vida. Todos os que ali s'atopaban separaron a os amigos, facendo que saira á rua o ganancioso. E cando o perxudicado quedou soyo afeáronlle á súa conducta—¡Mira qué pegarlle á un amigo por che cantare as coarenta, ho!

—¡Por iso na mais, verdade?—berrou il.—No lle peguei por iso, por cantarme as coarenta hoxe. ¡Pegueille porque xa fai catorce anos que mas ven cantando, carafío!

A os galegos fai varios séculos que nos cantan as coarenta á cotío. Mais non collemos a móca. O que poidería espicare total-as rebelías é un motivo mais de servidume. Cando nos cantan as coarenta dende Madrí, nosco lles regalamos os nosos trunfos pra que fagan tute de reixes.

## ¡Hirta Castela!

Ao nobre e viril Apóstol das liberdades galaicas, Antón Villar Ponte, ista homildosa frol d'admiración e d'amistade.

Meu fogar, meu amor, miña terraña,  
De voscò lonxe latexar non quero,  
Pois de tal lonxedá tan soyo espero  
Vivir sufrindo, pra morrere asiña.  
Doente estóu co esta soidade miña,  
Frío pantasma atafegante e fero,  
Que asgadoupas—namentras desespero—  
Saúdo crava da letal morriña.

¡Hirta Castela! Miña terra escrava  
Franguer ansía d'ó teu ferro o biorto,  
Que, paseniño, con Galicia acaba.

¡Pobo dond'eu nacín! Rescata o porto  
Da túa libértá xentil e brava,  
Y-erguéndote, fai ver que non es morto.

MANUEL MARÍA,  
Madrid, Marzo de 1917.

## PROBLEMAS AGRARIOS

## O BANCO AGRÍCOLA

ESTAMOS en plena actualidade financeira. O empréstimo tan brillantemente cuberto estos días fixo que os xornaes e o público se parasen na contempración do mundo da banca, e coidasen que hay unha serie de problemas nacionais que dependen da súa organización e orientación. Por iso hoxe imos falar do Banco Agrícola que quere imprantar — como unha das súas reformas — o señor Alba.

Pirmeiramente salta á vista a necesidade de Bancos Agrícolas en España, porque un Banco non é mais que unha máquina reguladora do capital: recolle o diñeiro espallado entre os particulares e dempois derrámao, diríxeo alí a donde se percisa, e hoxe, como adoito, o que percisa a agricultura é diñeiro e mais diñeiro. Facilitar diñeiro ós labregos: esa é a súa principal misión.

Pero ademais o Banco Agrícola ten outros moitos fines como son: facilitar a mobilización inmuelle, acrecentar os seus rendimentos, aumentar o valor da mesma propiedade, mercar e vender en comisión en España e n-o estranxeiro por conta dos labregos, fomentar os seguros, facer cédulas hipotecarias negociables, e, n'unha verba: *mercantilizar* as operacións agrícolas.

En xeneral, ¿podería cumprir estos fins o Banco Agrícola Nacional? Tal como o plantea o Sr. Alba de ningunha maneira os podería cumprir.

Non podería facilitar diñeiro barato ó labrego, porque a operación de prestar ó labrego diñeiro mais ou menos barato a prazos mais ou menos largos non alcanza a dar vida a un Banco pois todo se reduce a tomar diñeiro con unha man n-o mercado e prestalo co-a outra tomándose o premio correspondente; e iso é traficar co-a miseria.

*Mercantilizar as operacións agrícolas*: esto solo o podería conseguir con unha masa forte de capital; esta masa de capital soio aparecerá o día que os labregos leven o seu diñeiro á conta corrente do Banco, o que lle permitirá negociar con diñeiro dos seus clientes en beneficio dos mesmos. Por iso o Banco ha de ser Banco pra os ricos, porque os probes inda que teñan algún carto non o levarán ó Banco, porque dado o criterio individualista e tímido que domina ó labrego non lle cabería n-o miolo que, levando ó Banco os seus cartos sin lle producir ningún interés handle de reportar sin embargo beneficios n-as operacións que o Banco realice.

O Estado aportará un 25 por 100 do capital do Banco; ese capital pol-o tanto ha de

estar intervido, fiscalizado pol-o Estado, non se ha de meter en moitos negocios porque o Estado quér garantías absolutas; ha de estar suxeto a'os procesos rutinarios, tardentos da administración pública; hase de converter n'unha oficina burocrática ou n'un monopolio estéril e odioso como aconteceu con o Banco Hipotecario.

\* \* \*

E si en xeneral a actuación do Banco ha de ser estéril en Galicia non produciría resultado ningún. A agricultura en Castela trabállase *industrialmente*, en grandes propiedades, que pra semente, maquinaria recolleita, exportación, etc., necesita grandes masas de cartos que samente pode facilitar un Banco d'este xeito, inda que non seña a interés muy barato. Pero Galicia a agricultura trabállase *familiarmente*, en pequenas propiedades, poucos cartos se necesitan pra o laboreo; e pra esas cantidades pequenas abundan as *Caixas d'Aforro* que poden facilitar diñeiro mitá mais barato que o Banco Agrícola, con menos trámites e mais eficazmente n-a práctica: *Caixas d'Aforro* pode haber unha en cada aldea, son rurales, o peisano comunicase directamente con ela. O Banco domiciliarase n-as cibda-

des, o labrego d'aldea ¿cómo se ha relacionar con él?

En Galicia un soio labrego non pode mercantilizar a agricultura por ser pequenos propietarios todos; pra eso é necesario facer grandes organizacións agrarias que mercantilizen coeitivamente as operacións agrícolas. Antes, pois, de crear o Banco, necesitase facer esas organizacións que señan intermediarias entre o Banco e os labregos, mediación absolutamente necesaria pra hermanar a rixidez do puntualidade do Banco co-a falla de costume e de medios do labrego.

Por eso: Caixas rurales d'Aforro, organizacións agrarias, iniciativa do pobo co-a axuda do Estado, nunca intervención directa do Estado; esa é a maneira de fomentar o creto e o progreso agrícola; eso se fixo n-a Alemania e n-a Bélxica, intensamente, e en xeneral en todas partes. Sômente en España hay xente qu'inda creen n-a panacea d'unha intervención rentualista.

Por eso no Congreso Agrícola Internacional celebrado en Roma en 1903, todas as autoridades mundiales n-a materia, entre elas Meline, Luzzatti, e Cavaliere, conviñeron en que o creto agrícola debe començar *por abaixo*, por medio de *asociacións locais*, que nadan da iniciativa privada, e se basen n-a cooperación e n-a mutualidade, e que a intervención do Estado *non se debe pedir* senón cando seña de todo necesaria, e inda n'este caso *se debe limitar* a estimular a iniciativa particular. — L.

## Vía Crucis

Vendérona com'a Cristo  
os mesmos que salvala lle xuraron,  
fixéronlle chorar vágoas de sangue,  
levárona de Herodes a Pilatos,  
xunguírona á coluna  
do centralismo odiado,  
coroárona d'espíñas pra maor mofa,  
magoárona dispois a xostregazos,  
je foron os seus fillos  
desleigados  
os que máis a escarneceron  
y-os que inda con máis tirria a maltrataron!

\* \* \*

Botáronlle a cruz ás costas  
pra que así recorrese o seu Calvario,  
e co peso das culpas alleas  
caíu, máis con traballo  
soupo erguerse e seguil-o seu camiño  
todo empedregado.  
Tivo os seus Cirineos  
voluntarios;  
por ser tan mansa enchérona d'aldraxes  
e d'escarnios,  
y hastra choraron por ela

coma si os choros remediasen algo,  
e non faltou quen lle limpase a cara  
co pano das promesas... que é un farrapo.

\* \* \*

No seu dooroso e triste *Vía Crucis*  
soilo atopou desenganos  
pol-as nosas culpas  
y-os nosos pecados:  
culpas de mansedume,  
pecados de desazo,  
de que os gallegos todos, us máis que outros,  
debemos acusarnos,  
porque hai moitos que máis que seus fillos  
parecen os seus fillastros...

\* \* \*

Terá ó seu Tabor grorioso  
como tivo tamén o seu Calvario,  
e salirá trunfante,  
pois sóbranlle os entosiasmos;  
que os pobos que son dinos non son servos:  
son os amos.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

# ¡REMEMBER!

(26 DE ABRIL DE 1846)

DENTRO de seis días cumpríranse 71 anos, nos que no pequeno pobo de Cárrol, preto da nosa vila da Cruña, foron tronzadas pol-o tirán, as vidas de doce homes, mozos cuáseque todos eles (1) por non cometeren outro delito, que o de defendel a autonomía das rexións, e singularmente a de Galicia,


anaco, detallada punto por punto, sin que ninguén poida rechazala (1).

Ese movemento nasceu c'un fin benfeitor, eminentemente ético: o protoplasma que alimentaba as suas células tiraba á recostitución e instauración d'aquel prestixio social cuxos restos acababa de lle mermar unha

sobre das concencias; trocada a xustiza en arbitrariedade; e arroubándolles ás rexións a única mingalla que lles quedaba da súa fisonomía política por consecuencia d'un noxoso sistema de tributación, daba todo elo por romate ou coralario, un conxuntamento de desórdes, produto d'un goberno oligárquico



PIO RODRÍGUEZ TERRAZO  
Presidente da Xunta revoucionaria



MIGUEL SOLÍS E CUETOS  
Xeneralísimo do Exército libertador

coma catrocentos anos antes, fixéranlo do mesmo xeito, os *Hirmandinos* gallegos contra do podentío dos Señores feudales, por abundancia de abuso de tiranía.

As revolucións gallegas dos séculos xv e xix, comprétanse: ambas á dúas, perseguían a mesma enxebreza de ideas e de principios: DEMOCRACIA E LIBERTADE.

Quen esto contradiga, supón que lle levan grandes simpatías pol-a tiranía, ou que unha ñoranza, asaz supina, aleixóa o seu celebre, atendendo á que a historia ende xamais minte, nin se presta á mintiras, por se asentare en feitos certos; e a historia d'aquel glorioso movemento de 1846, está escrita—inda que en páxinas amargurentas—sin lle faltare un

aborrecible dictadura. Non fora contra das institucións, quérese decir, contra da Coroa, posta enton nas mans d'un sére deble; fora contra d-esa mesma dictadura que tiranizaba á Coróa e ao país.

España atravesaba por unha situación morbosa que a iba arrastrando á un presto desencaixamento. Perseguida a Prensa e encarcerados ou desterrados seus campións máis dinos e máis barudos; aqueles homes que nin se vendían nin renegaban nos seus principios—non como ímol-os vendo agora, n-estos tempos veleteiros, onde a maoría da prensa atópase nas mans de xentes paraxis-meiras ou incapaces;—conturbadas as libertades públicas e a forza material domeñando

que sancionaba toda sorte de atentados contra do Dereito e das leises.

Non poidía concurrir moralidade política onde privaba o goberno das bayonetas, o que hoxe diríamos o poder do Mauser.

\*\*\*

Das diferentes revolucións políticas que a nación española relembra no derradeiro século, ningunha máis racional que a que á práctica levou o pobo gallego no mes de Abril de 1846.

Tivo por prefacio un sinxelo prenuñciamento militar na simpática vila de Lugo o 2 do mes dito, para se virar axiña n-un formidable levantamento xeneral en toda a rexión; e con comenzos somellantes en varias outras provincias do reino.

Forxouse á carón d'un ambiente vizoso de

(1) O 4 de Mayo de 1846, foi fusilado pol-a mesma causa na cibdá de Betanzos o sarxento Antón Samitier, outro mártir d'esta revolución, á pesare do indulto que á tempo lle fora concedido.

(1) O que queira enteirarse de somellante movemento, recomendámoslle a lectura do libro *A Revolución Gallega de 1846*, e seu apéndice adicional *Os Mártires de Carral*, escritos pol-o noso hirmán Francisco Tettamancy.

pasión e romanticismo, d'aquel romanticismo político do que se saturaba a España, e que á súa benfeitosa sombra, acochábanse xentes de celebre sentido e de corazón de temple; que se consideraban humillados si se lles probaba que carecían de alma; que se encabuxaban ao lles tildaren de falla de xenio, de firmeza e de forza; que se erguían ante a debilidade dos que intentaban de lles negar as cualidás de barudez e concencia recta.

De unha Xunta Suprema se formaba a órbita por onde xiraban as demais Xuntas da

rexión, locais e provinciales; Xunta encargada de rexir os destinos do país gallego:... ¡destino efímero que soamente durou vinte días!...

Tiña a Xunta dita seu domicilio na Vila de Compostela, presidíndoa Pío Rodríguez Terrazo, abogado de gran creto, e como vocales homes de bon prestixio, cales Antón Romero Ortíz (que anos mais tarde foi ministro da Coroa); Xosé María Santos, Ramón Buch; os xefes militares Miguel Solís e Cuetos e Leoncio Rubín de Célis; e o Secretario Antolín de Faraldo, todo un carácter, porque n-él refundíanse a enteireza e a intelixencia, verdadeira *alma mater* d'aquel goberno supremo que n-eses vinte días soupera ditar leises saudables, sociais e económicas para a boa marcha da nosa meiga terra gallega (1).

\* \* \*

A onda revolucionaria comenzo mainiña, moi maina, sen que tirase á sospeitar que, ao par que os seus tombos cadenciosos íbanse alongando, íbanse arrumbando do mesmo xeito hastra formal-a montaña que moí logo faría tremar e causare grande desacougo ao goberno de Madrid; porque esa onda envolvía a salvación eo espírito das rexións, tendendo á derrubala UNIFORMIDADE, sancionada por aquél, que xunguía á todas elas a un mesmo *patrón*, meigo ideal da tiranía; e os que teñen profundos agarimos pol-a liberdade, deben tamen, da mesma maneira, que se opoñeren a todo o que trascenda á escravitud.

A onda camiñaba, seguindo seu



Moimento a os Mártires de Carral

Estebo de Paleo, dormen o sono da INMORTALIDADE, aqueles doce homes que se chamaron Miguel Solís e Cuetos, Víctor Velasco, Manuel Ferrer, Chinto Daban, Fermin Mariné, Ramon S. Llorens,

Xuan Sanchez, Inacio da Infanta, Santiago La Llave, Francisco Márquez, Xosé Martínez, Felipe Valero; xefes e oficiais do exército gallego que contra da tiranía, loitaran en Sigüeiro, Cacheiras e Santiago de Compostela.


As suas landreadas lousas, atópanse á oito frolecidas e perfumadas pol-a rescendencia da Zuga-meles, o alelí e o milicroque que espontaneamente críanse ao seu redor, coma respondendo a os mandatos da Natureza, de cote nai agarimosa, que quer premial a abnegación e o heroísmo d'aqueles mártires da LIBERTADE.

E na praza pública de Carral, ér-guese un simbólico moimento que uns cantos fillos de bendición que formaban a *Liga Gallega na Cruña* quixeron o 22 de Mayo de 1904, perpetuar d'este xeito a memoria das vítimas da tiranía e do Centralismo.

¡Relembremos para exempridá de ensinanzas a os MÁRTIRES DE CARRAL!...

A REDAUCIÓN.

Mes de Abril 1917.



Tumba de Solís

(1) A mocedá d'aqueles tempos, xenerosa d'abondo, e da que fora alma Antolín de Faraldo, sinueu avivare o sentimento da patria gallega, encomenzando a *grande obra* da reconstitución da nosa nacionalidá. O primeiro paso dado n'este camiño foi a Asamblea celebrada en Lugo o ano 1843, onde á proposta de Faraldo se pretendeu poñer en discusión si Galicia debería ou non de sere independente. Por un voto de máis non houbo discusión.

## RAYOLA DE SOL

POR XAQUÍN DICENTA.

No camiño fai sômas doces o ramallaxe. Hora é de sésta. Dórmilón vai o ár pol-a atmósfera.

Abaixo, tral-os pechos toxales verdine-gros, óense os marmurios do río; río heróico que agora sinte a influencia virxiliana do Mayo, e trae ao ouvido sons de lascivia.

O sol filtra por antre as follas dos vidueiros en chuvia dourada, que pinta na herba botós de topazo. Un melro vai e ven pol-a divina alcatifa con donairoso bicar: de tempo en tempo responde con asubíos ao requerimento da femia.

Meridián istante do sol primaveiral!... Cólume do astro todo o peisaxe enxoyécese; de todo él chegan caladas voces, trovadores do sono.

Brinca o río con leve aloumiño d'escuma nas arredadas beiras. Respondendo aos seus doces agarimos, unha vos moza entoa a xota, non xa brava e retardora, coma cántiga de guerra, saudosa e aloumiñante coma en-deixa d'amor.

Vos de femia é a cantora vos; de querer é a copra que o ár quedo leva e trae pol-a fraga:

Quéroche máis que aos meus ollos  
máis que aos meus ollos che quero  
inda que adoro os meus ollos  
por que os meus ollos che veron.

Ao imán da copra vou baixando pasenfiamente cara ás márxes do río. Forma, este, remanso pra adequirir folgos e racharse en brazos de cristal que arrodean unha pequena ínsua, esmeralda antre o brilantaxe das ondas.

Un ameneiro solitario érguese na beira da ínsua. Bon vello, de rugosa pel e cabeleira verde incrinase hacia as augas, mais pra velas que pra s'él ollar no seu cristal. Non busca espellos a vellés, que fuxe d'eles. Busca alleos encantos que a resarzan da perda dos propios. Eso fai o vello ameneiro: recrearse nos enredos mozos do río. A sua copa fai no chan un círculo de sôma: este círculo baixa pol-a herba esmeralda, pra morrer nas ondas nácar.

Baixo do ameneiro está a cantora. Primaveira é pol-os seus anos, que non pasan de quince; primaveira que se desfai en notas de querer no antreaberto casúlo d'uns beizos carmín.

Núa está de medio corpo, revestíndose a carne, húmeda ainda pol-a aberta das augas. Unha abada marela cae da sua cinta cochándolle as pernas. A cabeza apóiase na almofada dos xuncos e vimbios que caen no río; a loira cabeleira flota en espallado feixe riba das augas.

É dourada a sua carne, e na do rostro brillan coma puntiños d'aurea lus as pecas; de topazo teñen os seus ollos a color; fíos d'ouro son as pestanas.

Pol-a copa do ameneiro filtrase o sol; unha rayola faise abano antre as ponlas e cae aberta por riba da creatura.

Envolta pol-a rayola, é a moza prolongazón da rayola mesma; imáxe modelada con rayolas de sol. Tan dourada é a sua carne, tan loiro o seu cabelo, tan áureos os ollos, que non se sabe onde romata o astro e onde comeza a muller.

Todo é lus e calor: na rayola e na muller; todo é chuvia d'ouro; hastra as notas da cántiga vibran n-unha atmósfera dourada.

Dixérase que a rayola de sol, aborrida de flotar sen forma precisa pol-o ár, tuvo capricho d'adequirila e de se fecundare a sí mesma.

Filla d'aquela rayola é a creatura deitada na herba, a carón do río; derradeiros refre-xos da rayola, que no río perde o espallado feixe dos seus cabelos.

Creatura dos ensoños meridianos, cecáis modelouse no fondo do río, co'as rayolas do sol que o río, durante séculos e séculos absorvera; cecáis saliu d'él pra atrael-os camifiantes namorados co'a sua vos e cingulos co'a sua aperta de fogo, e sepultalos no misterio das ondas.

A vos sigue cantando; a cabeleira vai e ven pol-as augas; cós tremores do rostro, os priegues da abada marela trócanse en topazo; son puntiños de lus as miudas e quentes pecas...

TRADUCCIÓN DE L. CARRÉ.

~~~~~

## PERCISAMOS UNHA BANDEIRA

Seian as galogas quenés no la donen

UNHAS cantas doniñas de boa vountade e outa enxebreza, ofercéronse pra por medio de unha suscrizón entr'elas e as que simpatizen co-a idea, donarnos unha bandeira galega que será o símbolo da nosa Hirmandade, a que amostará a nosa presenza en cantos autos oficiaes ou de propaganda asistamos.

De máis istá o decir que acollimos con ledicia e agradecimento a tal oferta, tendo coma teremos n-isa bandeira ó ser donada por elas, os dous mais fondos agarimos da vida: o agarimo á muller e o agarimo á patria. Eisí, pois, o importe de isa bandeira costeadó será pol-a muller galega, e ó efecto abrimos unha lista de suscrizón onde iremos publicando os nomes das donantas.

Recollan todas elas por adiantado nosas mais sentidas obrigas, e xuramos que loitaremos sin desmaio pol-a redenzón da nosa patria á soma de isa bandeira, que terá de ser pra nosco pol-as mans que no la deron, a i-alma da raza, e pol-o qu'ela simboliza, o espírito da terra.

|                                            | Pesetas     |
|--------------------------------------------|-------------|
| Sra. de Vilar Ponte . . . . .              | 1           |
| Srta. Adela Yañez. . . . .                 | 1           |
| » Carmen e Amalia Vila . . . . .           | 2           |
| » Mercedes Moar . . . . .                  | 0'25        |
| » Elvira Bermúdez . . . . .                | 0'50        |
| » Angela Sánchez . . . . .                 | 0'50        |
| » Carmen Franco. . . . .                   | 0'50        |
| » M. <sup>a</sup> Rodríguez Yordi. . . . . | 1           |
| » Maruxa Pereira . . . . .                 | 1           |
| » Amalia Somoza . . . . .                  | 1           |
| <b>Total . . . . .</b>                     | <b>8'75</b> |

~~~~~

PARÉCENOS BEN

## CARTA ABERTA

QUERIDOS hirmaus: Un dos vósos, en longas horas de doenza, cuáseque tullido antr'as sabans, escoita como na rúa as nenás entoan a coro vellas cántigas que de Castela viñeron, e pensa con saudade e tris-

tura, que eiquí onde xa imós sendo moitos os que sin nos avergoñar falamos na nosa fala diante das xentes e facemos canto na nosa man pende por lle dar honra, ninguén percurou por traer a eses coros de nenás cántigas que, feitas no garimoso idioma gallego, afonden no surco, boten raíz e afagan ás mulleres y ós homes de mañán a ter nos beizos lëndas da nosa terra ditas non con verba estrana, sinón con meigo falar.

Por qué en troques do *me casó mi madre chiquita y bonita* ou do *en el balcón del palacio no hay barandillas*, etc., non facemos, dóce mais tercamente, que as nosas pequenas adeprendan, tal como fan as de Valencia, Barcelona, Palma e Ibiza, poño por caso, cantares gallegos en gallego? Ben bó sería de lograr si se pretendera.

Anque o tema dame xeito e labor pra me alongar nesta carta aberta, deixo de facelo e doulle paso a unha idea que, do corazón á pruma, vos propoño a todos.

Ven axiña o mes de Mayo. Non debería ser o primeiro e certoiro paso da propaganda infantil *pro-fala*, o de imprantar na Cruña o bonito e poético costume dos Mayos que n'outras vilas existe e que noso mestre Curros cantou?

Xa sabedes o que é: o día primeiro de Mayo, salen a correl-as rúas fatos de dez ou doce rapaciños, levando cada grupo un *mayo*, que non é outra cousa que unha carroza ben axeitada con recedentes fiunchos (iste é obrigado) e cantas froles se atopan a mau.

Donde lles convén, fan alto, arrodean o mayo e cantan en roda copras mais ou menos churrusqueiras, sinxelas como cousa de nenos. Recordo eu algunha que outra por iste xeito:

O noso mayo  
está cheo de cogollos  
si que velo, nena,  
escarrancha ben os ollos.

Teño pra min que si os Amigos da fala queren, este galleguísimo tributo ó mes das froles pode ser na Cruña unha cousa que ós nenos y-ás suas familias os encha de ledicia e os leve da mau pol-o bon camiño do amor á fala y-á terra.

¿Qué vos parece, hirmaus?

R. FAXINAS.

~~~~~

## Un trunfo de Carré e Aldao

OS EGREDARIO da Academia Galega, este home tan culto coma modesto e traballador que moito leva peitado pol-as cousas da nosa terra, tendo sido premiado n'unha chea de certámes e tendo feito varios libros notabres, agora conquireu un novo trunfo.

No *Circo das Artes* de Lugo, sociedade exemprar entr'as de Galicia, estrenou o derradeiro domingo unha comediá en verso, escrita na nosa fala, nomeada *Sacrificio*.

Púxolla na escena a simpática e patriótica Sociedade de Dependentes d'aquela fermosa cibdade, que merece nosas mais fondonísimas gabanzas.

D. Euxenio Carré Aldao asisteu ó estreno, sendo chamado á escena con moito agarimo e recibindo moitas ovaciós.

*Sacrificio* é unha nova obra notable que ven a darlle brillo ó teatro galego. O seu léxico e escolleito.

Logo de *Sacrificio*, representouse tamén *O Chufón*, de Rodríguez López.

Foi unha velada toda galega. Entre os afeirados que sobrealiron figuran María López e Isabel Ramos, e así como Pepe Vilas que é un verdadeiro actor e Marcelino Peinó.

Co'a nosa embora, unha apreixa forte pra o veterán enxebre D. Euxenio Carré a quen sinceramente admiramos.

## Peneirando...

Na Puebla de Trives agasallouse c'un xantar, pol-a publicación d'un fermoso poema galego nomeado «A Tola de Covas» a noso distinto colaborador Xan Plá Zubiri.

Adicáremolles espazo ó asunto no número que ven.

\*\*\*

O *Diario de Pontevedra* y-o *Progreso* tamén pontevedrés, deixáronnos parvos o outro día.

O primeiro publicaba o «Nouturnio» de Curros, en castelán; y-o segundo un soneto de Cabanillas en galego, como foi escrito, e logo traducid'o castelán.

¿Pra que os entendesen os lectores? ¿Sei que os de *Pontevedra* non son galegos!

Haibos cada cousa...

Sr. Carbonell, vosté que di moitas verdás ben ditas a cotío, non s'esquenza que os seus entenden o galego. Nós mantemos correspondencia en galego con catalás. Y-o Marqués tamén o entende.

\*\*\*

Supoñede que se nos fai o encárrago de fundare un xornal rexionalista n'un pobo de Galicia. Supoñede ademais que se nos eisi-xe que seña católico e xermanófilo.

¿Com'o levaríamos a felis termo?

Pois percurando, primeiramente, que nas suas páxinas aparecesen artigos de Rodríguez Sanz, de Eloi L. André, de López Carballeira (clérigo) e de Aurelio Ribalta. Ningún d'estes notables galegos sinificouse coma francófilo, nin coma sectario en cousas relixiosas. Algún, coma Eloi L. Andraé, sinificouse coma xermanófilo.

Percuraríamos tamén que non fallasen versos do xigante poeta Ramón Cabanillas.

O que non se nos tería d'ocurrir, ende xamais, é buscar, pra un xornal rexionalista, colaboración d'escriitores de segunda fía, madrileños ou alleos a Galicia.

Non permitiríamos tampouco que saísen xa algúns números do novo xornal *rexionalista galego*, sin que nin por casualidade se vira n'él unha soya verba do idioma rexional.

\*\*\*

Pol-o visto xa é un feito o acordo de tumbar os soportales da «Rúa del Villar» de Compostela.

Aquel acordo foi tomado cuáseque por unanimidá dos concexales composteláns.

Soyo tres—se non estamos trabucados—opuñéronse. Seus nomes son merecentes de figurare n'un cadro d'honore.

Que faremos e así nos salve Deus.

¡Si puidéramos trocarlles ós santiagueses todol-os nosos asfaltados pol-a sua praza do Hospital!

¡Ou a frase de Lino! «Cultura, señores, cultura.»

\*\*\*

Francisco Asorey o gran escultor, residente en Compostela, fixo fai pouco unha notable obra d'arte que non puido levar á «Exposición d'humoristas» de Madri, por falla de tempo.

N'ela puxo, por certo, unha fermosa lenda na nosa fala. Algús xornás piden que os amantes d'o arte lle empresten seu apoio material a Asorey.

Nos xuntámonos ós que tal piden. E deber de xusticia.

\*\*\*

«Las Noticias» de Barcelona, falaba fai poucos días do ferrocarril d'aquela cidade a Vigo.

Nos de Galicia quizais coidan que estas son cousas de pouco intrés, porque naide as comenta.

¡Si se tratase d'unha banda de tambores ou cornetas!

~~~~~



## NOVAS DA CAUSA

Achase na Cruña onde vivirá unha tempada o abogado de Monforte Xesús Fariña González, un hirmán da Fala exemprar pol-a sua cultura e pol-a sua enxebreza.

En Monforte ten dado fermosas conferencias.

\*\*\*

A notable rondalla do Ferrol «Airiños da miña terra» que dirixe noso amigo o gaba-do mestre Sr. Pampín, fixo unha velada no teatro Xofre d'aquela cidade que constituíu un éisito, cousa xa adoitada.

Pero o que nos puxo ledos foi o sabere que Manoel Fernández Barreiro, un rapaz cultísimo, que val moito, que ten feito artigos literarios merecentes de louba, pois xa foi laureado en algús certámes de Madri, escribiu pra dita festa unhas cuartillas enxebres, verdadeiramente maxistraes.

Logo, a mesma rondalla dou outra velada en Betanzos.

\*\*\*

A nosa sociedade de Vilalba, «Reunión d'Artesanos» pensa facer festas nas que se poñerán en escena comedias galegas.

A primeira será «O Chufón» de Xesús Rodríguez López.

\*\*\*

Atópase na Cruña, o brillante xornalista, n'ese querido hirmán. Roberto Blanco Torres. É un dos bos escritores galegos. En Cuba, conquireu moitos trunfos. Nos xornás de Madri, nos de Barcelona, en *Vida Gallega* e na gran revista *España* onde soyo teñen acollimento os homes que levan

algo dentro, Blanco Torres, publicou artigos notables. En *A NOSA TERRA* fará cousas de moito intrés.

\*\*\*

«Os Amigos da fala» da Cruña farán un auto solene en Carral, pra relembrao o alzamento galego que alí recibiu o bautismo de sangue, nos primeiros días de Mayo próisimo. O día seis cuáseque de fixo.

\*\*\*

Na imprenta do xornal *Galicia Nueva* de Villagarcía véñense editando as obras completas do xenial poeta, do noso gran poeta, orgulo da raza, Ramón Cabanillas.

Axiña saíran á publicidá, constituindo un acontecemento literario pra Galicia,

\*\*\*

N'este número, poderán ver os lectores como lembramos a data hestórica dos mártires de Carral. O artigo no que d'esto se fala, é de pruma tan autorizada cal a de don Francisco Tettamancy, membro da Academia Gallega e da Academia da Historia. Inda contra da sua modestia, crémos nosa obriga dicilo.

E así imos mellorando *A NOSA TERRA* que axiña publicará, entre outras cousas novas, caricaturas de Castela e Bagaria.

Rogamos, pois, a nosos hirmáns que nos sigan emprestand'o seu apoio. Iremos a lonxe co'a axuda de todos.

\*\*\*

Noso querido correlixionario, Antón Valcárcel (*Xan de Galicia*) dou na «Hirmandade da Fala» de Compostela unha notable conferencia que foi mui apraudida por todol-os intelixentes.

Valcárcel non precisa loubas. E dos bóos e xenerosos; dos que levan—exempres galeguistas—unha estrela no peito. Pensador e poeta, home de fonda cultura como non habería de trunfar entre os hirmáns de Compostela, cal ten trunfado xa entr'os da Cruña? Logo dará outra conferencia n'Ourense.

\*\*\*

Aurelio Ribalta ven facendo no Ateneo de Madri unha labore de galleguismo, dino das mais ferventes gabanzas.

Inda mais que os xornás da nosa terra faloron d'ela con entusiasmo, facéndolle xusticia, os de fora da rexión, principalmente os cataláns.

O mestre Ribalta—que por certo xa renunciou á sua estrana ortografía—merece un artigo noso de louba, que lle somos en debere. Escribirémolo no número próisimo.

\*\*\*

Costituiuse no Ferrol a «Hirmandade da Fala.» Esto échenos de lidicia. Bríncanos o corazón no peito c'o entusiasmo.

Hirmans que forman o consello:

Conselleiro primeiro, D. Xaime Quintanilla; conselleiro segundo, D. Xuan García Niebla, segredario-contador, D. Euxenio Charlón, e tesoureiro, D. Francisco Cabo Pastor.

Non temos tempo pra mais oxe. Falaremos longamente.

Tamén se vai costiiuire en Vigo a «Hirmandade.»

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sonda chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

OS MELLORES CHOCOLATES SON OS

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

**QUENES OS PROBAN**

**NON QUEREN OUTROS**

A venda en todol-os comercios d'ultramariños de Galicia.

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous réas podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABRADORES:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico dá poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

RUA DE PANADEIRAS, 23

**A CRUÑA**

**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

**HOTEL CONTINENTAL**

**Os "Previsores do Porvir"**

**SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO**

*Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

**SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA**

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.